



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Dereito da Contratación	Código	612G01024	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público			
Coordinación	Garcia Perez, Rafael	Correo electrónico	rafael.garcia.perez@udc.es	
Profesorado	Arevano Fuentes, M ^a de la Cruz Colina Garea, Rafael Garcia Perez, Rafael Pernas Garcia, Juan Jose Raposo Arceo, Juan Jesus Rodríguez Martín-Retortillo, María del Carmen Sande García, Pablo Vara Parra, Jose Joaquin	Correo electrónico	m.arevano@udc.es rafael.colina@udc.es rafael.garcia.perez@udc.es jose.pernas@udc.es juan.raposo.arceo@udc.es maria.rodriguez.martin-retortillo@udc.es p.sande.garcia@udc.es joaquin.vara@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A docencia que se imparte nesta materia persigue principalmente a adquisición polo estudante dun grado adecuado de coñecementos sobre o Dereito da Contratación. Concretamente, e por unha parte, as nocións xerais dos contratos: formación, elementos esenciais, eficacia, interpretación e forma. Por outra, e en especial, se estudan as garantías na contratación e os contratos en particular tanto desde o sector privado como desde o público.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: Non haberá modificacións nos contidos en caso de suspensión da actividade presencial. 2. Metodoloxías: *Metodoloxías docentes que se manteñen: A docencia pasará a ser telemática (síncrona ou non) na súa totalidade, mediante o uso das plataformas Moodle. *Metodoloxías docentes que se modifican: As metodoloxías docentes reforzaranse coas seguintes actuacións, de acordo co criterio de cada un dos profesores responsables de grupo: - Realización de presentacións de Powerpoint con apuntes ou notas de apoio para facilitar a súa comprensión e suplir as carencias de manuais de apoio. - Realización de titorías grupais non presenciais para solventar dúbidas sobre as diferentes materias. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Reforzase o uso dos medios de atención personalizada non presencial xa previstos na Guía Docente. Durante os horarios de titorización, ou cando así se sinale polo profesorado, os estudantes terán a posibilidade de programar titorías personalizadas mediante a plataforma Teams. 4. Modificacións na avaliación: Con carácter xeral, manterase a estrutura da avaliación tanto en primeira como en segunda oportunidade. *Observacións de avaliación: Ningunha. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Ningunha.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título



A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A7	Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A14	Capacidade de elaboración de normas.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Aprender a aprender.
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Razoar xuridicamente empregando as nocións e conceptos fundamentais do dereito de contratos.	A2	
Coñecer as normas reguladoras de contratos en xeral, así coma o contido básico dos demais contratos en particular.	A1 A3 A9 A10 A14		
Recoñecer as especificidades da contratación nos distintos sectores do Dereito	A4 A9 A10		
Redactar corectamente contratos e documentos relacionados coa súa formación e execución, respecto de cualquiera dos tipos contractuais explicados na clase	A11	B6 B9 B10 B2 B5	C3



Redactar demandas, contestaciones e recursos xudicacias nos que expoñer e defender unha determinada posición xurídica en materia de Dereito de contratos. Recoñecer os elementos básicos do proceso de contratación administrativa.	A5	B7
	A7	B8
	A8	B11
	A11	B3

Contidos	
Temas	Subtemas
I. O CONTRATO E OS SEUS REQUISITOS	1. Concepto de contrato 2. Principio da autonomía privada 3. Requisitos do contrato: esenciais, naturais e accidentais 4. Consentimento, obxecto, causa e forma 5. Autocontrato
II. A FORMACIÓN DO CONTRATO	1. Tratos preliminares 2. Oferta e aceptación 3. Oferta e aceptación distanciadas no tempo e no espazo 4. Condicións xerais da contratación
III. A CLASIFICACIÓN DOS CONTRATOS	1. Consensuais e formais 2. Unilaterais e bilaterais 3. Onerosos e gratuitos 4. Conmutativos e aleatorios 5. Execución periódica, instantánea e duradera 6. Típicos e atípicos 7. Contrato de opción
IV. A EFICACIA DO CONTRATO	1. Obligatoriedade 2. Irrevocabilidade 3. Relatividade 4. Contrato en favor de terceiro
V. A INTERPRETACIÓN DO CONTRATO	1 Os principios xerais de interpretación 2. Interpretación subxetiva e obxetiva 3. Outros criterios de interpretación: gramatical, sistemática, histórica, auténtica e finalista
VI. A INEFICACIA DO CONTRATO	1. Inexistencia 2. Nulidade 3. Anulabilidade 4. Rescisión 5. Resolución
VII. NORMAS XERAIS SOBRE AS OBRIGAS MERCANTIS	1. A evolución e concepto da obriga mercantil. 2. Especialidades no réximen xeral das obrigacións mercantis.
VIII. O CONTRATO MERCANTIL. CONSIDERACIÓNS XERAIS	1. Fonte das obrigacións mercantis. 2. Determinación da mercantilidade dos contratos. 3. Autonomía contractual: ámbito, transferencia e límites. 4. Réxime xeral dos contratos mercantis. 5. Contratación fóra do establecemento mercantil 6. Outras especialidades dos contratos mercantis en materia de cumprimento e alteración da economía do contrato
IX. O CONTRATO DE COMPRAVENTA	1. Concepto e caracteres do contrato de compraventa 2. Elementos do contrato: as partes, o ben vendido, o precio e a forma da compraventa 3. Os efectos do contrato de compraventa 3.1. As obrigacións do vendedor: A) A entrega da cosa e a transmisión da propiedade B) A obrigación de saneamento e a Ley de Garantías na venta de bens de consumo 3.2. As obrigacións do comprador: o pago do precio 3.3. O cumprimento das obrigacións de entrega e pago do precio 4. Os riscos na compraventa 5. A extinción do contrato de compraventa
X. A COMPRAVENTA INTERNACIONAL DE MERCADORÍAS	1. A compraventa internacional de mercadorías 1.1. Concepto e características. 1.2. Modelos uniformes de contratos e cláusulas tipo 2. Convenio de Viena de 11 abril de 1980 2.1. Estructura, natureza e contido 2.2. A interpretación do Convenio (art. 7) A. Principio de internacionalidade: a autonomía interpretativa B. Principio de uniformidade C. Principio de boa fe 2.3. Ámbito de aplicación territorial e material A. Conceptos: establecemento. Parte B. Compraventas excluídas 2.4. Formación e perfección do contrato 2.5. Obrigacións das partes 2.6. Incumprimento 2.7. Integración das lagunas do Convenio 3. Os Incoterms
XI. OS ARRENDAMENTOS URBANOS	1. Ámbito de aplicación da LAU 2. Réxime xurídico aplicable 3. Arrendamento de vivenda: a) Duración do contrato. Prazo mínimo e prórrogas. Desestimento b) A atribución xudicial da vivenda arrendada nas crisis matrimoniais c) A cesión inter vivos do contrato d) O subarriendo e) A subrogación mortis causa f) A renta g) Dereitos e obrigacións das partes h) O dereito de tanteo e retracto i) Suspensión, extinción e resolución do contrato 4. Arrendamento para uso distinto do de vivenda: a) Cesión e subarriendo b) Subrogacións c) Renta 5. Disposicións comúns a ambas clases de arrendamento 6. Os procesos arrendaticios



XII. OS ARRENDAMENTOS RÚSTICOS	1. Ámbito de aplicación da LAR. 2. Os elementos do contrato. 3. Contido imperativo e dispositivo das obrigas nadas de arrendamentos rústicos. 4. A aparcería.
XIII. O PRÉSTAMO	1. Concepto, obxeto e perfección do préstamo. 2. O comodato. 3. O mutuo: definición e caracteres A) Capacidade das partes B) Obrigacións do prestatario C) O préstamo con interés: caracteres da deuda de intereses e límites ó pacto de intereses
XIV. OUTROS CONTRATOS ESPECÍFICOS	1. A doación 2. O contrato de obra 3. O contrato de sociedade 4. O mandato 5. O depósito 6. Os contratos aleatorios 7. A transacción 8. O convenio arbitral 9. A fianza
XV. A REGULACIÓN DOS CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO	1. As novas Directivas de Contratación Pública 1.1. Directiva 2014/23/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, relativa á adxudicación de contratos de concesión 1.2. Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se deroga a Directiva 2004/18/CE 1.3. Directiva 2014/25/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, relativa á contratación por entidades que operan nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais e pola que se deroga a Directiva 2004/17/CE 2. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A2 A4 A8 A9 A10 A11 A14 B8 B9 B10 B2 B3 B5 C3	15	60	75
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A7 A8 C7	48	0	48
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A5 A7 B6 B7 B11 C4	2	20	22
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Resolución de supostos prácticos na aplicación dos coñecementos adquiridos.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos fundamentais da materia por parte dos profesores.
Proba obxectiva	Proba tipo test que levará a cabo o alumno como unha das formas de avaliación global dos coñecementos adquiridos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Sesión maxistral	Os diferentes profesores encargados da materia que propoñan a actividade atenderán os alumnos de maneira individual ou grupal intentando resolver os problemas que se plantean e fomentando a consecución das competencias específicas da materia. Atenderase ao ?alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? a través de correo electrónico ou Teams para resolverlle ás concretas dúbidas que se poidan plantexar no estudo do manual ou materiais da materia.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A2 A4 A8 A9 A10 A11 A14 B8 B9 B10 B2 B3 B5 C3	Resolución de supostos practicos en aplicación dos coñecementos adquiridos.	30
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A5 A7 B6 B7 B11 C4	Proba tipo test que levará a cabo o alumno como unha das formas de avaliación global dos coñecementos adquiridos.	70

Observacións avaliación

O exame será tipo test e terá:30 preguntas de Dereito civil;

10 preguntas de Dereito administrativo;

10 preguntas de Dereito mercantil;

10 preguntas de Dereito internacional privado.

Cada pregunta terá catro respostas; unha soa será a resposta correcta. As preguntas correctas suman 0,5 pts. e as preguntas incorrectas restan 0,20 pts.

A nota final da asignatura Dereito da contratación se obterá a partir da ponderación das notas finais obtidas en cada unha das catro materias, en atención a seguinte proporción: Dereito civil suporá un 55%, e o outro 45% se repartirá a partes iguais entre as outras tres materias (Dereito mercantil, Dereito internacional privado e Dereito administrativo).

Para poder aprobar a asignatura é necesario superar cada unha das catro materias que a integran (e dicir en Dereito civil hay que obter, ó menos, 2.75 puntos e nas outras tres materias hay que alcanzar, ó menos, 0.75 puntos). En caso de non superar algunha das materias na primeira oportunidade, manterase o aprobado nas partes superadas para a segunda oportunidade. Dese modo, o alumno/a só realizará o exame da segunda oportunidade en relación ás materias que non superase na primeira. Independentemente da cualificación obtida, será preciso aprobar tanto a avaliación continua como o exame para poder aprobar a parte de Dereito internacional privado. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na oportunidade correspondente.

Avaliación do ?alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia?: o estudantado nesta situación porase en contacto co profesor/es por correo electrónico para ir entregando ou realizando as prácticas da asignatura por medios compatibles coa súa situación (correo electrónico ou Teams). Estas prácticas terán un valor do 30% da nota, e o exame final dun 70%. O mesmo sistema seguirase para a segunda oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica

- BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, R. (Coord.) (Edición actualizada). Manual de Derecho Civil. Contratos. Madrid, Bercal
- MÉNENDEZ y ROJO (Edición actualizada). Lecciones de Derecho Mercantil. Madrid, Civitas
- BROSETA PONT M, MARTINEZ SANZ F (Edición actualizada). Manual de Derecho Mercantil, vol II. Madrid, Tecnos
- J.C. FERNÁNDEZ ROZAS (Edición actualizada). Derecho de los Negocios Internacionales. Madrid, Iustel
- AVILA DE LA TORRE e I. MORALEJO FERNÁNDEZ (Edición Actualizada). Lecciones de Derecho de los contratos en el comercio internacional. Ratio Legis. Salamanca
- AA.VV. (Edición actualizada). Derecho del Comercio internacional. Tirant lo Blanch. Valencia
- C. ESPLUGUES MOTA Y D. HARGAIN (Edición actualizada). Derecho del Comercio Internacional. Edisofer S.L. Madrid
- MARTÍNEZ DE AGUIRRE Y ALDAZ, C. (coord) (Edición actualizada). Curso de Derecho Civil II-I. Edisofer, Madrid
- GAMERO CASADO, E. y FERNÁNDEZ RAMOS, S. (Edición actualizada). Manual Básico de Derecho Administrativo. Tecnos, Madrid



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, R. (DIR.) (Edición actualizada). Tratado de Contratos. Valencia, Tirant lo Blanch- CARRASCO PERERA, A. (Edición actualizada). Derecho de Contratos. Cizur Menor, Aranzadi-Thomson Reuters- BUSTO LAGO, ÁLVAREZ LATA, PEÑA LÓPEZ (Edición actualizada). Reclamaciones de consumo. 3ªed.. Cizur Menor, Aranzadi-Thomson Reuters- GARCIA PITA Y LASTRES JL (Edición actualizada). Derecho Mercantil de obligaciones (T.I). Madrid, Bosch- A. ORTEGA GIMÉNEZ (Edición actualizada). Modelos de Contratos Internacionales. Grupo difusión. Madrid- CAMPUZANO DÍAZ (Edición actualizada). La Repercusión del Convenio de Viena de 11 abril de 1980 en el Ambito de la compraventa internacional de mercaderías. Universidad de Sevilla ? Secretariado de Publicaciones- GIMENO FELIU, JOSÉ MARÍA (Edición actualizada). Estudio sistemático de la Ley de Contratos del Sector Público. Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters Aranzadi- MORENO MOLINA, JOSÉ ANTONIO (Edición actualizada). Una nueva contratación pública social, ambiental, eficiente, transparente y electrónica. Bomarzo- (). .
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito de obrigas e danos/612G01016

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Actuación e bens das administracións públicas/612G01017

Dereitos Reais/612G01027

Dereito Internacional Privado/612G01032

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías